

Texto: **GABRIELA MISTRAL**
 Ilustracións: **PALOMA VALDIVIA**
 Selección e biografía: **ANTONIO RUBIO**
FEDERICO MARTÍN NEBRAS

Encadernado en cartón. Colección Trece Lúas.
 48 páxinas en color. 15x23,5 cm. Formato despregable.
 ISBN 978-84-96957-55-8
 Prezo: 15 €

GABRIELA MISTRAL

SELECCIÓN POÉTICA

“O poema para nenos ten que ter os ritmos tan exactos coma os do seu arquetipo melódico e teñen que ser os seus temas dunha emocionalidade núa coma unha entrana”.

(Gabriela Mistral)

Tralas seleccións poéticas adicadas a Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro, dous dos máximos expoñentes das Letras en Galicia, FAKTORIA K reforza a colección 'Trece Lúas coa obra en castelán de Gabriela Mistral, poeta fondamente comprometida coa cultura e cos dereitos humanos, cuxa figura está unida ao patrimonio histórico e literario de Chile.

Cantala, lela, xogar con ela... Gabriela Mistral cría que a poesía era o mellor camiño para achegar a literatura aos nenos, a través dos cantos de berce, as cantigas de roda e todo o que lles resulta cercano: froitos, pobos, animais do campo.

O libro, con ilustracións creadas pola tamén chilena Paloma Valdivia a partir da lectura e interpretación da súa obra, consta de trece poemas: dúas xeracións de mulleres chilenas, o pasado e o presente, tradición poética e creatividade plástica contemporánea, unidas polos versos e a Arte.


Este libro convida a ler un poema cada día, ou cada semana, ou cada mes luar. Logo pódese deixar descansando nun atril, aberto na ilustración que se desexe, que non é nin máis nin menos, que a lectura que o artista plástico fixo das palabras da poeta, para deleite dos ollos do lector e da súa ollada máis persoal.

GABRIELA MISTRAL (Vicuña, Chile, 1889-Nova Iorque, Estados Unidos, 1957)

Lucila Godoy Alcayaga, literariamente coñecida como Gabriela Mistral, comezou a escribir versos con trece anos. Dende moi nova exerceu como mestra rural, ata que abandoa Temuco para dirixir unha escola na capital, mentres publica os seus primeiros poemas en xornais locais e colabora coa prensa internacional. Representou a Chile no Comité de Cooperación Intelectual da Liga de Nacións. En 1922 o goberno mexicano invitouna a traballar cos intelectuais máis destacados do mundo hispanofalante. Voltou tras unha xira por Estados Unidos e Europa, pero volveu marchar ante a situación do seu país. Entre as súas principais obras figuran “Desolación” (1922), “Ternura” (1924), “Tala” (1938) e “Lagar” (1954); o seu talento literario valeulle o Premio Nobel no ano 1952. A partir de entón, Gabriela Mistral sería coñecida como unha escritora vivamente preocupada polo destino de toda Hispanoamérica. Ofreceu numerosas conferencias, deu cursos en importantes universidades e ocupou influentes cargos diplomáticos, sen abandonar nunca a súa actividade poética, que se pechou con “Poema a Chile”, publicado unha década despois da súa morte.

PALOMA VALDIVIA (Chile, 1978)

Estudou Deseño na Universidade Pontificia Católica de Chile e posteriormente realizou un curso de postgrao en Ilustración na Escola EINA, de Barcelona. Actualmente traballa como ilustradora para diversas editoriais, museos e medios de difusión gráficos, en países como Chile, China e España. Tamén exerce como ilustradora asistente do artista Miguel Gallardo. Publicou uns 15 álbums para público infantil. Outra das súas facetas é como guionista e ilustradora de series de televisión para nenos. Entre os galardóns que recibiu figura o Premio Internacional Bob Plaque, na XVIII Bienal de Ilustracións de Eslovaquia. Ademais, é profesora de ilustración en dous centros universitarios chilenos. Actualmente reside en Barcelona.



- **Temática:** 13 poemas da obra poética de Gabriela Mistral: La Manca - Canción de Pescadoras - Botoncito - ¿En dónde tejemos la ronda? - Ronda de los aromas - Ronda de los colores - Todo es ronda - La cajita de olinalá - Miedo - Todas íbamos a ser reinas - Doña Primavera - Canción del maizal - Estrella de Navidad
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** imaxes creadas a partir da lectura de cada poema; inclúe un glosario de termos